



Con motivo do Samaín, Bibliomuriel e Normalización organizan un concurso de microrrelatos de medo que, emulando a Twiter, non poderán pasar dos 280 caracteres.

Os días 29 e 30 de outubro, no segundo recreo, escoitaremos esos textos arrepiantes na Biblioteca e tremeremos de medo ...

Valorarase a dramatización do relato (para iso podes vir con disfraz)

Bases do

Concurso de microrrelatos

- 1- Poderán participar toda a comunidade educativa.
- 2- Os/as participantes deberán elaborar un texto narrativo en lingua galega que non poderá ter máis de 280 caracteres e que deberá ter como temática principal: "o medo"
- 3- O prazo para enviar os traballos ao xurado remata o 26 de outubro. Estes deberán enviarse por correo electrónico a: enl.felixmuriel@gmail.com
- 4- Establécense tres categorías:
 - A- 1º, 2º e 3º de ESO.
 - B- 4º de ESO, Bacharelato e Ciclos.
 - C- Resto da comunidade educativa
- 5- Os/as autor@s deberán ler as súas obras ante o xurado os días 29 e 30 de outubro na Biblioteca.
- 6- O xurado ditaminará sobre o concurso de xeito inapelable, podendo declarar os premios desertos. Asemade, se a calidade dos traballos así o aconsella, poderán concederse accésits.
- 7- Os traballos premiados serán publicados na revista Bicodaria (<http://www.bicodaria.com/>), na páxina do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/>) e poderán ser difundidos por Twitter (<https://twitter.com/rianxoenl?lang=gl>)
- 8- Establécense os premios seguintes:
 - Categorías A e B:
 - 1º premio (5 € nun vale para a cafetería e un libro)
 - 2º premio: (5 € nun vale para a cafetería)
 - Categoría C : 1º premio (un libro)
- 9- A participación no concurso supón a aceptación destas bases.